

## PROPOSTA DE REFORMA ADMINISTRATIVA PARA GALICIA

A actual crise pon de relevancia un asunto clave que levaba demasiado tempo esquecido ou postergado, a necesidade perentoria de contarmos cunha administración eficiente no uso dos recursos públicos, parece que demasiados responsables políticos se esquecen de onde proveñen estes recursos e compre lembrar, máis unha vez, o que non deixa de ser obvio, que estes recursos proveñen dos impostos cos que se carga ás empresas e aos particulares, polo que o estado, lembremos que toda administración é estado, ten a responsabilidade non só administrativa senón tamén ética de xestionar eses recursos con eficiencia, cousa que case todos asumimos como verdade que non se fai.

En efecto, a grave crise que estamos a atravesar contribuiu a pór de manifesto con claridade a ineficiencia da organización político-administrativa do estado español, desde a transición ninguén foi quen de afrontar unha reorganización da administración pública que visase gaños en eficiencia.

A un sistema administrativo que fora instaurado no século XIX, que a democracia herdou do franquismo e inspirado no sistema departamental francés, como era a organización en provincias e que correspondía a unha concepción moi centralista da organización administrativa, sumouse a partir da transición o sistema autonómico, un sistema que se foi despregando a base de improvisación tanto no seu alcance territorial como nas suas competencias e sen que supuxese, salvo no caso das autonomías uniprovinciais, onde as deputacións foron suprimidas, reorganizacións noutras administracións para gañar eficiencia e evitar duplicidades.

O sumatorio e superposición de diversos niveis organizativos instaurados en diversas épocas sen que houbera un exercicio de reflexión por parte dos partidos políticos dominantes deu como resultado o que hoxe temos e que non podemos definir por menos que unha caótica e ineficiente acumulación de niveis administrativos que nos custan aos contribuintes moitísimo máis do que nos aportan.

España é practicamente o único estado da UE, quizá coa salvedade italiana, estado tamén en graves problemas para garantir a sustentabilidade económica do seu aparello administrativo, onde se superpón unha administración centralizada cunha administración descentralizada, sumando de forma trapalleira ambos modelos, pero vaíamos por partes.

No que atinxe á administración local encontrámonos cunha planta municipal que non está de ningunha maneira adaptada aos tempos, os cambios tecnolóxicos, nomeadamente internet e a melloras das comunicacións físicas fan claramente ineficiente a actual planta municipal, España ten 8116 concellos e Galicia 316, Portugal, con máis do triple de extensión territorial e case catro veces máis de poboación ten 308 municipios.

Un dos exemplos máis flagrantes desta ineficiencia no uso dos recursos públicos é o da administración local, estamos habituados ao recoñecemento retórico da importancia do papel que as administracións locais xogan na provisión de servizos como administracións máis cercanas ao cidadán, porén é cada vez máis claro que os partidos que teñen capacidade de reformar a fondo o papel e sobre todo o financiamento das administracións locais non o fan. A crise fai máis urxente que nunca a necesidade de aprobar a asignatura pendente da reforma da administración local e o seu incardinamento no estado autonómico.

Lembremos que as Deputacións tamén teñen a consideración xurídica de administracións locais, pero é evidente que non o son desde un punto de vista administrativo e político porque se corresponden cun marco territorial supramunicipal que é o da provincia, as provincias tal e como as coñecemos hoxe teñen a súa orixe no 1833, trátase da imitación española da estrutura departamental francesa e foi concibida como os tentáculos no territorio dun estado fortemente centralizado, son por tanto e en boa lóxica, incompatibles cun estado descentralizado como o autonómico español, os defensores da pervivencia hoxe das intitucións provinciais argumentan que os municipios pequenos precisan da axuda da Deputación para sobrevivir, obviando que os recursos dos que dispón a deputación serían moito máis eficaces se fosen directamente asignados aos concellos evitando así os enormes gastos correntes improductivos destas parasitarias institucións.

Din algúns mandatarios provinciais que debido á grave crise que padecemos terán que intervir nos concellos mesmo para pagar as nóminas do persoal, porén, cando se lles plantexa a necesidade de fusionar concellos, din que non é necesario, unha contradición clara que ten a súa explicación no feito de que unha institución como a Deputación necesita uns concellos enfraquecidos e dependentes economicamente para poder exercer o seu control político no territorio, premiando aos do propio partido e castigando aos dos outros. Isto é o único que aportan as deputación: gasto ineficiente, endebedamento público e un control político antidemocrático sobre os concellos.

Se o PP e o PSOE tivesen sentido de estado e suficiente responsabilidade na xestión dos, cada vez máis escasos, recursos públicos e fosen capaces de ver a necesidade urxente que Galicia e todo o estado ten de reformas estruturais teríanse que ir plantexando a necesidade da eliminación das deputacións mediante unha reforma constitucional, tamén é posible a súa supresión a través dun novo estatuto de autonomía, eses recursos serían directamente asignados aos municipios segundo criterios poblacionais, de dispersión, etc.

Conferimos o pánico que estas organizacións políticas teñen a tocar os intereses de todas as súas redes políticas e clientelares na evitación da fusión de municipios, porque a estas alturas xa é dificilmente discutible que en aras, do mesmo obxectivo, da eficiencia no uso dos recursos públicos é necesario emprender unha fusión de concellos en gran escala, non é sostible un mapa municipal galego con 316 concellos, compre fusionalos, compre parar o antes posible o drama inaceptable que supón o despilfarro do diñeiro que proven dos

impostos, os liberais galegos apostamos, sen embargo, pola eficiencia e pola subsidiariedade da administración pública.

Uns concellos moito máis fortes xa poderán decidir posterior e libremente a sua unión en agrupacións supramunicipais que deben ser creadas desde abaixo, desde os concellos, e non desde arriba, desde a Xunta, é a estas alturas inaceptable que se cree un chiringuito máis que lle custe diñeiro aos contribuintes e para máis inri, sin eliminar a instancia intermedia que sobra que son as deputacións, e menos na situación actual, despois da supresión das deputacións, os concellos verán as economías de escala de se asociar en entes supramunicipais de libre adhesión financiados desde abaixo, non desde arriba, o financiamento destes entes desde os concellos garante un maior grado de eficiencia, xa que son os alcaldes os concellos os que terían que avaliar se o que aportan a estes entes contribúe a xerar eficiencia e do contrario serían libres para abandonar eses entes.

Os galeguistas vemos con bos ollos o aprofundamento do estado das autonomías como resposta á realidade plurinacional do estado e temos que defender coa mesma forza un modelo administrativo local forte e eficiente no que as Deputacións sobran, Convergencia XXI abandeira hoxe esta proposta no noso País. E abandeiraa porque as nosas dúas grandes influencias ideolóxicas, o galeguismo e o liberalismo coinciden con claridade neste punto, o galeguismo sempre considerou ás deputacións e ás propias provincias como un elemento alleo ao País, ao tempo que o liberalismo por o énfase na eficiencia dos recursos.

Se quixermos eleaborar unha proposta na que galeguismo e liberalismo converxan, eliminar as deputacións e reformular a planta municipal ata facela coincidir coa planta comarcal e/ou metropolitana podería ser unha fórmula de máximos, son 53 as comarcas que conforman o País, e non parece disparatado, aínda que desde logo sí é audaz, a audacia que o País precisa, pensar nun mapa municipal galego con 53 concellos potentes nunha Galicia sen deputacións.

Este escenario forneceria dunha administración local barata, forte e eficiente e con capacidade de acción política. Os concellos extintos poderían conservar unha oficina de atención ao público para facilitar os trámites nomeadamente ás persoas que non teñan facilidade para acceder a internet por razón de idade ou de renda. O establishment di con frecuencia que a cidadanía non aceptaría estes cambios, dino en realidade porque os afectados por eses cambios negativamente sería precisamente o establishment ao perderse moitos postos políticos e tamén algúns administrativos que non serven para aportar eficiencia ao diñeiro dos impostos que os cidadáns e empresas pagamos. Neste sentido un argumento que neste momento case ningún cidadán rexeitaría é que ese novo mapa municipal tería que permitir unha rebaixa de impostos debido aos claros incrementos en eficiencia que aporta as economías de escala da concentración administrativa e política, sen que repercutise nunha queda na calidade dos servizos prestados.

Non se tocan neste relatorio a incardinación administrativa de Galicia en España ou Europa, a nosa consideración do carácter nacional de Galicia fai que a relación que poidamos ter cos outros pobos de España ou de Europa non sexa tanto unha definición técnica do modelo administrativo como unha cuestión baseada no principio do dereito de decidir previamente cal é o marco xuridico político no que queremos que se situe Galicia.